

Estratexias e Intervención educativa na aula co alumnado TDA-H



Asociación de Déficit de
Atención e Hiperactividad
de Pontevedra


Beatriz Solórzano González
Psicóloga Col. G-5599
Isaac Gómez Figueroa
Maestro PT, Primaria e EF
Marzo, 2017



ANTES DE EMPEZAR...



ACLARANDO CONCEPTOS



Que é?



TDA-H



TDA-H



TRASTORNOS DO NEURODESENVOLVEMENTO



Vinculados ao funcionamento do sistema nervioso.

Aparecen na infancia e evolucionan coa maduración do cerebro.

Non estáticos: distinta expresión nas etapas de crecemento.

TDAH



- **Trastorno neurobiológico** caracterizado por:
 - Dificultade para manter a atención voluntaria.
 - Aumento da actividade motora e/ou cognitiva.
 - Déficit no control de impulsos.

- Presentacións clínicas:
 - a. Predominante con **falta de atención** (30% nenas-16% nenos).
 - b. Predominante **hiperactiva/impulsiva** (arredor do 5%, por igual).
 - c. Presentación **combinada** (65% nenas-80% nenos).

ETIOLOXÍA



- Interrelación entre distintos factores:
 - ❖ **Factores xenéticos:** modificacións en xenes relacionados con receptores dopaminérxicos.
 - ❖ **Factores neuroquímicos:** fallos en conexións do sistema executivo do cerebro (producción irregular de dopamina e noradrenalina).
 - ❖ **Factores psicosociais:** non hai relación causa-efecto, pero si poden afectar á evolución.

- Non hai marcadores biolóxicos (diagnóstico clínico).

Que é?



ATENCIÓN



Atención



- **Arousal:** activación xeral do organismo. Capacidade de estar esperto e de manter a alerta.
- **Atención focalizada:** habilidade para enfocar a atención a un estímulo determinado.
- **Atención sostida:** habilidade para manter o foco de atención e permanecer alerta diante dos estímulos durante períodos de tempo máis ou menos longos, resistindo a fatiga mental.
- **Atención selectiva:** habilidade para responder aos aspectos que require unha determinada situación ou actividade e apartar todos aqueles que non resulten indispensables.
- **Atención alternante:** capacidade que permite cambiar o foco de atención entre tarefas simultáneas que implican demandas cognitivas diferentes. (Dúas tarefas que non podemos realizar á vez, debendo alternar entre unha e outra. Ex.: ler un texto e falar con alguén.)
- **Atención dividida:** capacidade para atender a dous estímulos ou tarefas ao mesmo tempo.

Manifestacións da inatención

- Non presta atención aos detalles e comete erros por descoido en tarefas escolares, traballo ou outras actividades.
- Dificultades para manter a atención en tarefas ou actividades lúdicas.
- Parece non escoitar cando se lle fala.
- A miúdo non segue instrucións e non finaliza os seus traballos ou obrigas.
- Dificultades para organizar tarefas e actividades.
- Evita tarefas que requiran esforzo mental sostido.
- Adoita perder ou esquecer obxectos necesarios para algunha actividade.
- Distráese facilmente con estímulos irrelevantes.
- Descoidado/a nas actividades diarias.

Que é?



IMPULSIVIDADE



Impulsividade



Que é?



HIPERACTIVIDADE



HIPERACTIVIDADE

Dificuldade para inibir e controlar a actividade motora e/ou cognitiva.



Manifestacións da hiperactividade-impulsividade

- Move en exceso mans ou pés e se remove no seu asento.
- Abandona o seu asento na clase ou en situacións nas que debe permanecer sentado.
- Corre ou salta en situacións nas que resulta inapropiado.
- Dificultades para xogar ou adicarse tranquilamente a situacións de ocio.
- Adoita actuar coma se tivese un motor.
- Fala en exceso.
- Precipita respostas antes de terminar a pregunta.
- Dificultades para gardar turno.
- Interrompe ou se inmiscúe en actividades doutras persoas.

Criterios para considerar trastorno



- ❖ Ao menos 6 síntomas dunha das categorías (5 a partir dos 17 anos) ou das dúas en combinado.
- ❖ Duración: 6 meses.
- ❖ Inicio: antes dos 12 anos.
- ❖ Os síntomas presentanse en dous ou máis ambientes (escola, casa, traballo, relacións sociais...).
- ❖ Deterioro significativo nas áreas de funcionamento da persoa.

Etapas evolutivas



□ Hiperactividade:

- Idade preescolar: **hipercinesia xeneralizada**.
- Idade escolar: hiperactividade limitada a certas situacións (falan moito, ruidosos en actividades tranquilas...).
- Adolescencia: interiorízase, sensación de **inquiétude interna** (intentan facer varias cousas á vez, pasan dunha tarefa a outra sen terminalas...).

□ Inatención:

- Máis evidente en idade escolar, cando aumentan as demandas cognitivas e a complexidade das actividades.
- Persiste na idade adulta (= impulsividade).

COMORBILIDADE




Risco relativo de trastornos psiquiátricos en TDAH vs poboación xeral (Yoshimasu, 2012)

Factores de Risco




- Diagnóstico tardío.
- Baixo cociente intelectual.
- Baixo nivel educativo e cultural.
- Trastornos específicos da aprendizaxe.
- TDAH combinado, grave e de larga evolución.
- Antecedentes familiares de TDAH, depresión ou trastorno bipolar.



Que é?




FUNCIÓNS EXECUTIVAS



***“PODE ESTAR HORAS CUN
VIDEOXOGO, ASÍ QUE, CANDO
QUERE, PODE ATENDER.”***



O noso cerebro



O TDAH é unha disfunción do sistema executivo do cerebro e afecta ao sistema de inhibición e ás funcións cognitivas superiores.

As funcións executivas



Habilidades cognitivas que permiten a un suxeito controlar e regular a súa conduta, emocións e pensamento, establecer metas e organizar e secuenciar os pasos necesarios para conseguilas de maneira eficiente.



Funcións do **lóbulo frontal**: director executivo do cerebro.

- Organizan e dirixen o resto de funcións cognitivas e emocionais.




Desenvólvense desde a infancia ata o inicio da idade adulta.

En TDA-H: atraso no seu desenvolvemento do 30% respecto ao esperado para a súa idade (2-4 anos).

Déficit Ejecutivo



Procesos Cognitivos



Funciones Ejecutivas

1. ACTIVACIÓN	2. FOCO	3. ESFORZO	4. EMOCIÓN	5. MEMORIA	6. ACCIÓN
<ul style="list-style-type: none">•Organizarse•Establecer prioridades.•Iniciar a tarefa.	<ul style="list-style-type: none">•Concentración•Manter a atención.•Cambiar o foco e volver á tarefa.	<ul style="list-style-type: none">•Controlar o estado de alerta.•Regular a velocidade de traballo: axustar a demanda da tarefa e o tempo.	<ul style="list-style-type: none">•Controlar a frustración.•Regular as emocións.	<ul style="list-style-type: none">•Usar a memoria de traballo.	<ul style="list-style-type: none">•Observar a propia acción.•Regulala.

DÉFICIT EXECUTIVO



- Non plantexa axeitadamente os obxectivos de traballo.
- Non segue os pasos necesarios, pérdese.
- Necesita máis tempo para resolver un problema ou tarefa.
- Tendencia á distracción.
- Persevera nos erros cometidos (dificultade para xerar alternativas de conduta/solución).
- Non revisa os resultados.

Ficha ejemplo Funcións Executivas

Ordena esta lista que está relacionada con **cenar en un restaurante**:

- Llamar a un restaurante.
- Reservar una mesa.
- Ir al restaurante.
- Aguardar en la entrada del restaurante.
- Pedir los platos al camarero.
- Leer el menú.
- Arreglarse para la ocasión.
- Decidir los platos

FF.EE. necesarias para...

- ❑ **Redacción de textos:** manter ideas en mente e organizalas.
- ❑ **Comprensión lectora:** recordar o que se le, resumir, conectar ideas.
- ❑ **Memorización** da información necesaria para traballar ou actuar.
- ❑ **Enunciados** de exercicios e **preguntas de exames:** frecuentes erros de omisión.
- ❑ **Problemas matemáticos.**
- ❑ Realizar **cálculos mentais.**
- ❑ **Estimación do tempo** necesario para unha tarefa ou exercicio.
- ❑ **Repasar** e comprobar ausencia de erros.

Comentamos



Que barreras podémos atopar para inclusión do alumnado con TDAH?



Atención a Diversidade. Inclusión



Atención á Diversidade

Desde o punto de vista da normativa, a **atención á diversidade** enténdese como todas as actuacións educativas dirixidas a **dar resposta** ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais, étnicas, de inmigración ou de saúde do alumnado.



AtEnDeR á DiVeRsIdAdE



Como damos resposta a diversidade?

DECRETO 229/2011

- Medidas Ordinarias (art. 8)
 - Facilitan a adecuación do currículo prescriptivo, sin alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación

- Medidas Extraordinarias (art. 9)
 - Poden requerir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Necesaria autorización.

Medidas Ordinarias



- ▣ Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado
- ▣ Adecuación das programacións didácticas ao entorno e ao alumnado.
- ▣ **Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.**
- ▣ Reforzo Educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- ▣ Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titorías entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- ▣ ...

Protocolo de actuación da Xunta de Galicia

ESCALA DE EVALUACION PARA PROFESORES ABREVIADA (CONNERS ABREVIADO)

Nombre del Niño(a): _____
 Colegio: _____
 Nombre del Profesor: _____
 Curso: _____ Fecha: _____

A continuación hay una lista de **observaciones en el aula**, del alumno anteriormente individualizado, donde se marca con "X", la manera que se aprecia **predominantemente** cada conducta:

Escala de Connors Abreviada:	NADA	UN POCO	BASTANTE	MUCHO
1) Inquieto, demasiado activo				
2) Excitable, impulsivo				
3) Molesta a otros niños				
4) No termina lo que empieza				
5) Se mueve constantemente en la silla				
6) Desatento, se distrae fácilmente				
7) Hay que satisfacerle de inmediato, no tolera la frustración				
8) Lloro fácil y frecuentemente				
9) Cambios de humor rápidos, drásticos				
10) Pataletas, conducta explosiva e impredecible				

Otras observaciones importantes:	NADA	UN POCO	BASTANTE	MUCHO
1) Dificultades articulatorias (lenguaje)				
2) No lee al nivel de sus pares				
3) Tiene problemas para escribir				
4) Olvida fácil lo que aprende				
5) Dificultades en Aritmética				
6) Dificultades en Idioma Extranjero				
7) Pierde con frecuencia útiles escolares				
8) Responde antes que finalice la pregunta				
9) Tiene dificultades para organizar sus trabajos				
10) Rechazo por el grupo (total o parcial)				
11) Es tímido, ansioso o temeroso				
12) Se ve triste, descontento o deprimido				
13) Interrumpe a otros (juegos, conversaciones, etc.)				
14) Le cuesta respetar turnos				
15) Discute mucho, incluso con adultos				
16) Se opone activamente a cumplir con sus deberes				
17) Miente a menudo				
18) Ha tomado cosas ajenas				
19) Presenta tics				

Notas parciales último mes:	NADA	UN POCO	BASTANTE	MUCHO
Matemáticas				
Lenguaje				
Idioma Extranjero				
Comprensión del Medio				
Comprensión de la Naturaleza				

Observaciones positivas a destacar: _____

 Firma del Profesor

Protocolo de consenso sobre **TDHA** na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario



INTERVENCIÓN NO TDAH



AS **DÚBIDAS** ANTE O ALUMNADO TDAH


- ▣ Este alumno/a é posible que teña TDA-H?
- ▣ Que dificultades de aprendizaxe ten?
- ▣ Se é así, onde se pode sentar?
- ▣ Quen pode estar ao seu carón?
- ▣ Organizo os espazos e tempos na aula.
- ▣ Como se consegue que recorde as datas de exames?
- ▣ Que se pode facer para manter o caderno limpo?
- ▣ Que non se esqueza dos deberes?
- ▣ A mochila, que facer con ela?

IMOS POR PARTES!!

Manifestacións no ámbito escolar

TDAH


xerais



outras



Dificultades de aprendizaje




Dificultades na lectura

- Dificultades para asociar a relación entre o son e a letra ou tamén para lembrar os sons na orde correcta.
- Dificultades para lembrar o aspecto dunha palabra e copiar as letras na orde ou secuencia correctos.
- Lectura precipitada, provocada pola súa impulsividade ou moi lenta debido á súa inatención.
- Erros na lectura mecánica: adición, investimentos, omisións, substitucións, etc.
- Ao ler sáltanse as liñas ou algunhas palabras, ou as repiten.



Dificultades na lectura

- Dificultades de comprensión lectora, sobre todo en captar as ideas principais cando non aparecen de maneira clara e explícita.
- Problemas para comprender oracións complexas ou frases que comezan por outro elemento que non é o suxeito.
- Cústalles captar as relacións causais entre os diferentes sucesos dun texto.
- Ao acabar de ler un parágrafo ou páxina, poden ter dificultades para lembrar o que leron.
- Vocabulario pobre.



Dificultades na escritura

- A súa caligrafía é pobre, desorganizada e con frecuentes erros, e en ocasións inintelixible.
- Teñen pouco control do espazo gráfico, tendendo a agrupar a información nunha parte da folla.
- Cústalles tomar notas en clase ao ritmo adecuado e plasmar por escrito o que quere dicir ou expresar.
- Poden ter dificultades en gramática, puntuación, acentuación, maiúsculas e minúsculas.
- Son incapaces de escribir tan rápido como pensa.




Dificultades nas matemáticas

- ❑ Fallos na automatización das tarefas relacionadas coa numeración e o cálculo: cálculo mental deficiente, cústalles aprender as táboas de multiplicar...
- ❑ Polas súas dificultades de comprensión lectora interpretan inadecuadamente os enunciados dos problemas, dificultade que se acentúa segundo a lonxitude e a redacción do enunciado.
- ❑ Adoitan ter dificultades para discriminar a información relevante da irrelevante, para diferenciar a información que deben atopar, confunden datos, etc.
- ❑ Dificultades na aplicación de estratexias organizadas na resolución de problemas: adoitan utilizar estratexias de ensaio e erro por falta de comprensión do problema.



Dificultades nas matemáticas

- Tampouco elaboran representacións gráficas do problema que lles axuden durante o proceso.
- Cometen erros ao realizar as operacións: colocación incorrecta das cifras ao ordenalas para operar, cambiar de lugar a coma dun número decimal, cambiar algunhas cifras por outras diferentes, etc.
- As súas dificultades de escritura levan que escriban os datos cun trazo deficiente, levándolles a cometer equivocacións e dificultando a corrección por parte do profesor.
- Non adoitan realizar comprobacións.



Exemplos de matemáticas



2º Mi madre compra en la tienda 2 kilos de fruta a 2'7€ el kilo, 3 botas de tomate a 1'03€ el bote y 7 libras de leche a 0'78€ el litro.
Paga con un billete de 50€; ¿Cuánto dinero le devolverán?

$$\begin{array}{r} 1 \text{ kilo fruta } 2,70 \\ 2,70 \text{ euros} \\ \times 2 \\ \hline 5,4 \text{ euros} \end{array}$$
$$\begin{array}{r} 3 \text{ botas } 1,03 \\ 1,03 \\ \times 3 \\ \hline 3,09 \end{array}$$
$$\begin{array}{r} 7 \text{ libras } 0,78 \\ 0,78 \\ \times 7 \\ \hline 5,46 \end{array}$$
$$\begin{array}{r} 54 \\ - 39 \\ \hline 15 \end{array}$$
$$\begin{array}{r} 15,46 \\ - 3,09 \\ \hline 12,37 \end{array}$$


Que podemos facer?

ADAPTACIÓNS

Enténdese polas modificacións realizadas nalgún ou varios elementos dunha actividade para responder as necesidades específicas de cada persoa.



ADAPTACIONES EDUCATIVAS NO TDAH



Organización do espazo na aula

- ❑ **Evitar estímulos distractores** que poidan estar situados preto do alumno/a (murais, fiestras...).
- ❑ **Ubicar ao alumno/a onde as interferencias sexan mínimas**, e a carón de nenos tranquilos que lle sirvan de modelo, o guíen nas súas tarefas e o axuden no autocontrol persoal.
- ❑ **Utilizar unha pequena pizarra**, nun lugar visible, para anotar datas de controles, entrega de traballos e tarefas diarias que deben anotarse na axenda.
- ❑ **Delimitar espazos segundo a actividade realizada**: traballo individual, de grupo, traballo manipulativo, actividade máis lúdica que requira menos atención...



Organización do tempo na aula

- ▣ **Diferenciar entre tempos** de atención, de traballo, de ocio
- ▣ Explicar a sesión e o tempo estimado de cada actividade.
- ▣ **Deixar tempo** para que copien o que se anotou. Esta información deberá estar sempre accesible ao alumnado.
- ▣ Procurar **anticiparse** ás novidades. É positivo chamar a atención sobre os cambios de horario e sobre calquera variación da rutina.
- ▣ Establecemento de **rutinas** que lle aporten seguridade e lle axuden a seguir as normas de comportamento.
- ▣ Ser **flexibles** na duración das actividades (menos é máis), así como no tempo establecido para os exames.



Estratexias Didácticas Xerais

- ▣ **Explicacións** que resulten **motivadoras**, dinámicas e que permitan a máxima participación do alumnado.
- ▣ Ordes/instrucións precisas e claras nunha linguaxe positiva, asegurándose de que a mensaxe entendeuse.
- ▣ **Verbalización** do que se ten que facer en voz alta como se tivese que explicarllo ao resto dos alumnos/as.
- ▣ **Manter contacto visual.** Reconducir a súa atención con algunha sinal non verbal

Estratexias Didácticas Xerais

- ▣ Dedicar **as primeiras horas** da maña a tarefas de **maior concentración**.
- ▣ **Alternar** actividades teóricas con tarefas practicas.
- ▣ Estratexias de reflexión:
 - Técnica STOP:*** paro, miro, decido, sigo, repaso
- ▣ Ensinar técnicas de estudo: esquemas, subliñado, resumos...
- ▣ Repetición de instrucións por parte do profesor/a.
- ▣ Utilizar metodoloxías activas como o traballo cooperativo, flipped classroom,....

Organización e desenvolvemento da sesión

Inicio

Durante

Fin

Inicio



Verificar que o alumno ten preparado o material necesario para realizar a actividade.

Utilizar **estratexias** de dramatización para captar a **atención** inicial:

- Dirixirse ao alumnado nun ton de voz baixo.
- Xesticular e teatralizar.

Iniciar a sesión cun esquema ou guión do que se vai a traballar visible nunha esquina do encerado.

Pedir o alumno/a que **verbalice** o que ten que se vai facer para comprobar que prestou atención e ten claro a tarefa.



Durante



Intercalar tempos de explicación e traballo persoal.

Utilizar **estratexias** para manter o nivel de **atención** tales como a xesticulación, cambios de entoación, contacto ocular co alumno/a...

Simplificar ao máximo a información ao explicar o procedemento de realización da tarefa.

Presentar a idea principal do contido que imos traballar de forma moi clara ao comezo da explicación.

Achegar **información visual** que guíe a tarefa e facilite a secuenciación e organización da mesma.

Asegurarse da comprensión do explicado, realizando preguntas sinxelas.

Proporcionarlle unha **listaxe dos conceptos clave**.



Fin



Unha vez concluída a explicación realizar un **resumo** da mesma e pedir ao alumno que o repita de maneira privada ou pública, comprobando con iso o que aprendeu.

Utilizar os últimos minutos de clase para asegurarse de que:

Se se aplicou unha estratexia, esta sexa revisada e valorada.


Se se aprendeu algo novo, que se comprenderon os aspectos fundamentais.

Se se mandaron **tarefas para casa**, se foron **apuntadas** correctamente na **axenda**.



○ noso cerebro

CUANDO NO HAY UNA RUTINA



CUANDO HAY UNA RUTINA



AS AUTOINSTRUCCIÓN

- As **autoinstrucións** teñen unha gran importancia na intervención, xa que pódense aplicar tanto:
 - **Na reeducación**
 - **Na rehabilitación das funcións executivas**
 - **Na resolución de problemas**
- Que son?
 - **Pasos a través dos cales a persoa guía o seu propio proceso de pensamento na resolución de problemas, organizar mochila,....**







Pasos para hacer autoinstrucciones




1. Pensar cal é a conduta meta, Que queremos conseguir?. (Ex. Facer un problema de matemáticas)
2. Dividir dita conduta meta en diferentes pasos intentando que sexan os máis concretos posibles.
3. É importante acompañar cada paso ou instrución con un debuxo ou pictograma, isto supón un reforzamento na aprendizaxe. www.pictotraductor.com
4. É moi importante partir do centro de interese do neno/a, a súa motivación. Introducir algún debuxo animado ou ilustración que lle guste.


Posible ejemplo

1	LEE EL PÁRRAFO UNA VEZ	
2	RODEAR LAS PALABRAS QUE NO ENTIENDO	
3	PENSAR LA IDEA PRINCIPAL	
4	ESCRIBIR EL TÍTULO DEL RESUMEN	
5	ESCRIBIR ESPACIO QUÉ CUENTA EL PÁRRAFO	
6	PASAR AL SIGUIENTE PÁRRAFO	

Materias para estimular e mellorar as FE



Maribel Martínez Casado





Tafas para mejorar la escritura




INTRUSOS

De las 4 imágenes hay una que no debería estar señala cual es, e indica el porque.



Encuentra las seis diferencias

Estratexias e pautas para as avaliacións



Antes da avaliación



- Programar as datas dos exames con antelación mínima dunha semana e coordinadamente entre o equipo docente, para evitar sobreesforzos e coincidencias de día.
- Colocar un **calendario de exames visible na aula**.
- **Comprobar** a anotación das datas na **axenda** persoal e **informar á familia** das datas e contidos do exame.
- Organizar un plan de preparación e estudo.
- Se é posible, programar os exames nas primeiras horas do día.
- Expor preguntas curtas e enunciados directos.
- Diseñar exames curtos con máis frecuencia, no canto de probas longas.

Antes da avaliación



- Facilitar o texto escrito, evitando o ditado ou a copia dos enunciados e/ou preguntas.
- Incluír preguntas que impliquen respostas breves.
- Dividir as **preguntas** compostas en preguntas **sinxelas**.
- **Reducir** o número de **preguntas** por folla.
- As preguntas de tipo test facilitan a demostración dos coñecementos do alumnado.
- **Deseñar actividades de avaliación escrita e oral**, dependendo do que consideremos que é mellor para o alumno.
- **Realizar exercicios co formato de exame** para familiarizarse con eles e poder centrarse nos coñecementos o día da proba, incidindo tamén na aprendizaxe do control do tempo.
- Asegurarse de que ten todo o material necesario para realizar a proba de avaliación.

Durante da avaliación



- Situalo preto do profesor/a para supervisar a concentración e evitar distraccións.
- **Ler en voz alta**, por parte do profesorado, os enunciados das **preguntas**.
- Destacar as **palabras-clave** dos enunciados e preguntas.
- Se un exercicio pódese realizar de varias formas, indicarlle cal é a máis axeitada para el.
- Verificar que **entende** as **preguntas**.
- Ofrecerlle un lugar libre de distraccións que favoreza a súa concentración.
- Se presenta dificultades para centrarse na proba, **axudarlle** a reconducir a súa **atención**.

Durante da avaliación



- Informar o principio de canto tempo dispónse para a proba. Ir dando información do tempo restante durante a realización da proba.
- Adaptar o tempo necesario para realizar o exame.
- Supervisar que respondeu a todas as preguntas.
- Lembrar que repase as súas respostas antes de dar por terminado o exame.
- Nos cursos superiores, se o exame dura máis dunha hora, permitirle un breve descanso saíndo da aula uns minutos



Despois da avaliación



- Realizar un feed-back individual e en grupo dos aspectos positivos.
- Analizar de forma individual o tipo de erros realizados.
- Transmitir de forma individual como pode mellorar.
- Ensinar estratexias e procura de alternativas ás dificultades que atopa.
- Valorar o seu esforzo por aprender tanto como o aprendido.
- Remarcar que o éxito non está tanto no resultado como no proceso.
- Facilitar unha copia dos exames aos pais e/ou profesores de apoio para poder detectar os erros e traballar reforzando as dificultades



Exemplo

5. Busca no texto una oración con predicado nominal e outra con predicado verbal. Indica nelas o sintagma suxeito, o sintagma predicado e, dentro deles o núcleo.

1.-Busca no texto **unha oración** con **predicado nominal** e **outra oración** con **predicado verbal**.

.Oración con predicado verbal:-----

.Oración con predicado nominal:-----

2.-**Indica** nas oracións que buscaches o sintagma **suxeito** e **o predicado**.

3.-Indica nas oracións que buscaches o **núcleo do suxeito** e **o núcleo do predicado**.

Dificultades xerais ante as tarefas...

- Dificultade para comezar e organizar a tarefa (saber por onde empezar).
- Dificultade para filtrar estímulos discernindo cal son os máis relevantes
- Dificultade para organizar a tarefa
- Dificultade para manter o esforzo
- Dificultade para o manexo da frustración e as emocións
- Dificultade para concentrarse
- Dificultade para rematar o que empeza
- Distráese con facilidade con calquera cousa

App's para o TDAH



APPS DE ATENCIÓN-MEMORIA

NOMBRE APP	ÁREAS	IPAD	ANDROID
MEMORIA Y ATENCIÓN GRATIS	<ul style="list-style-type: none"> • ATENCIÓN. • MEMORIA. • COMPRENSIÓN. • VOCABULARIO. 	https://itunes.apple.com/es/app/memoria-y-atencion-gratis/id733348540?mt=8	NO DISPONIBLE
ACTIVITY MERK'S DIR!	<ul style="list-style-type: none"> • ATENCIÓN. • MEMORIA. • DESTREZA MOTORA. • DISCRIMINACIÓN AUDITIVA. 	https://itunes.apple.com/de/app/activity-merks-dir!-4-spiel/id508798354?mt=8	NO DISPONIBLE
MEMO-GAME	<ul style="list-style-type: none"> • ATENCIÓN. • MEMORIA. • VOCABULARIO. 	https://itunes.apple.com/app/memo-game/id477441975?mt=8	NO DISPONIBLE
MATRIX GAME 1	<ul style="list-style-type: none"> • ATENCIÓN. • MEMORIA. • PERCEPCIÓN VISUAL. 	https://itunes.apple.com/app/matrix-game-1/id684669498?mt=8	https://play.google.com/store/apps/details?id=com.myfirstapp.matrixgame1.g



“Tenemos que educar para lo desconocido y no para lo conocido”
Perkins



Moitas grazas pola vosa atención